

PLENO

**ACTA 2022/11 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 23/12/2022.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 09:30 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 4 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 5 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Silvia Suárez García (PP).
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR).
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Asiste o Interventor da Corporación D. Carlos Temprano Temprano. Non asiste a Concelleira D^a. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE) nin a Concelleira D^a. María Teresa Cendal Iglesias (OR).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

- 1.- Aprobar se procede a modificación das bases reguladores para a concesión de bolsas de axuda a deportistas individuais para o ano 2022 (Exp. 2022/A002/000006).
- 2.-Aprobar se procede a modificación das bases para a concesión de bolsas para estudos para o ano 2022 (Exp. 2022/A002/000008).
- 3.-Aprobar se procede inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2023. (Exp. 2022/T004/000005).
- 4.-Aprobar se procede a actualización do complemento específico da relación de postos de traballo do Concello de Oroso (Exp. 2022/E004/000002).

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

PLENO

1.- Aprobar se procede a modificación das bases reguladores para a concesión de bolsas de axuda a deportistas individuais para o ano 2022 (Exp. 2022/A002/000006).

Logo de ver as bases reguladoras para a concesión de bolsas de axudas para deportistas individuais para o ano 2022 aprobadas por acordo do Pleno da Corporación de data 21 de xuño de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o día 22 de novembro de 2022.

E logo de ver que a Base número 10 establece que antes do 15 de decembro os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada de documentos deste concello ou Sede Electrónica, a xustificación polo importe da subvención concedida.

Considerando a necesidade de ampliar tal prazo de xustificación a fin de facilitar aos solicitantes a presentación da documentación xustificativa, propónse que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a Base 10 das bases reguladoras para a concesión de bolsas de axudas para deportistas individuais para o ano 2022, de tal xeito que onde di 15 de decembro, deberá dicir 31 de marzo de 2023.

Segundo: Publicar tal acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento.”

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo incluíndo a corrección sinalada polo Interventor da Corporación e o Pleno por:

Votos a favor: once (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningún (0 votos) adopta o presente acordo:

Primeiro: Modificar a Base 10 das bases reguladoras para a concesión de bolsas de axudas para deportistas individuais para o ano 2022, de tal xeito que onde di 15 de decembro, deberá dicir 31 de marzo de 2023.

Segundo: Publicar tal acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento.

2.-Aprobar se procede a modificación das bases para a concesión de bolsas para estudos para o ano 2022 (Exp. 2022/A002/000008).

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

PLENO

“Logo de ver as bases reguladoras para a concesión de bolsas para estudos para o ano 2022 aprobadas por acordo do Pleno da Corporación de data 21 de xuño de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o día 22 de novembro de 2022.

E logo de ver que a Base número 12 establece que antes do 15 de decembro os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada de documentos deste concello ou Sede Electrónica, a xustificación polo importe da subvención concedida.

Considerando a necesidade de ampliar tal prazo de xustificación a fin de facilitar aos solicitantes a presentación de da documentación xustificativa, propónse que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a Base 12 das bases reguladoras para a concesión de bolsas para estudos para o ano 2022, de tal xeito que onde di 15 de decembro, deberá dicir 31 de marzo de 2023.

Segundo: Publicar tal acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento..”

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo incluíndo a corrección sinalada polo Interventor da Corporación e o Pleno por:

Votos a favor: once (cinco do PSdeG-PSOE; catro do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningún (0 votos) adopta o presente acordo:

Primeiro: Modificar a Base 12 das bases reguladoras para a concesión de bolsas para estudos para o ano 2022, de tal xeito que onde di 15 de decembro, deberá dicir 31 de marzo de 2023.

Segundo: Publicar tal acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para xeral coñecemento.”

3.-Aprobar se procede inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2023. (Exp. 2022/T004/000005).

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a necesidade de proceder á aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2023.

PLENO

E DE VER o informe de intervención favorable de data 15 de decembro de 2022 sobre o cumprimento da regra de gasto, nivel de débeda, estabilidade orzamentaria e límite de gasto non financeiro do orzamento do ano 2023.

E DE VER o informe de intervención favorable de data 15 de decembro de 2022 sobre a aprobación do orzamento do ano 2023.

E DE VER o informe da secretaría favorable de data 15 de decembro de 2022 sobre a aprobación do orzamento do ano 2023.

CONSIDERANDO o disposto no texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das Facendas Locais, e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo sexto da citada lei.

CONSIDERANDO que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Por medio da presente, PROPOÑO á Comisión Especial de Contas que previa deliberación e exame do expediente proceda á emisión do ditame favorable á seguinte proposta:

Examinado o proxecto do Orzamento Xeral do Concello, para o exercicio económico de 2023, que presenta esta Alcaldía-Presidencia, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 18 do real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e artigo 168 do TR 2/2004 , procede:

PRIMEIRO.- A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2023 por importe de 9.325.217,87 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Oroso para o exercicio de 2023 cuio resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Orzamento 2023	
		EUROS	
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.265.049,98 €	
.1	OPERACIÓNS CORRENTES	6.131.393,08 €	
1	Gastos do Persoal	1.571.995,36 €	

PLENO

2	Gastos correntes en bens e servizos	3.746.008,93 €	
3	Gastos financeiros	2.300,00 €	
4	Transferencias correntes	794.950,00 €	
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	0,00 €	
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.130.621,03 €	
6	Inversións Reais	2.130.621,03 €	
7	Transferencias de capital	0,00 €	
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.035,87 €	
8	Activos financeiros	0,00 €	
9	Pasivos financeiros	3.035,87 €	
	TOTAL GASTOS	8.265.049,98 €	

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Orzamento de 2023	
		EUROS	
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.190.714,01	
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	6.291.162,60 €	
1	Impostos directos	1.971.819,62 €	
2	Impostos indirectos	220.719,52 €	
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	822.080,21 €	
4	Transferencias correntes	3.268.943,25 €	
5	Ingresos patrimoniais	7.600,00 €	
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.899.551,41 €	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €	
7	Transferencias de capital	1.899.551,41 €	
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	74.335,97 €	
8	Activos financeiros	0,00 €	
9	Pasivos financeiros	74.335,97 €	
	TOTAL INGRESOS	8.265.049,98 €	

Terceiro. Aproba-las Bases de Execución do Presuposto Xeral para o próximo exercicio de 2023 así como o cadro de persoal e a demais documentación que obra no expediente.

Cuarto. Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo a fin de que durante o prazo de 15 días contados a partir do día seguinte o da publicación os interesados

PLENO

poidan examina-lo expediente e formula-las reclamacións ou alegacións que estime oportunas.

Quinto. O presente acordo entenderase definitivamente aprobado no caso de non formularse reclamacións durante o periodo de exposición pública; en caso contrario o Pleno disporá do prazo dun mes para resolve-las.

Quinto. Aprobado definitivamente o Presuposto remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e a Administración Autonómica simultaneamente á inserción do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial do Estado.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen comeza a súa intervención facendo unha lembranza xa que aínda que todo falecemento supón un drama, quería dedicar unhas palabras especiais polo pasamento de D. Xosé Manuel Cortés Gómez e desexar que descanse en paz.

Polo que respecta ao orzamento, este apróbase no ano 2022 e cos informes favorables, o que é bo e emprazamos a que siga a ser así e non so en ano electoral. Polo que respecta ao contido, estímase un incremento de 700.000 euros en transferencias doutras administracións e esperemos que tales previsións sexan reais. Por outro lado o capítulo V de imprevistos está baleiro e consideramos que iso é un risco. Consideramos que os ingresos polo imposto de vehículos de tracción mecánica é baixo e que realmente se debería incrementar dito imposto xa que non todo vai a ser baixar impostos aínda que ben é certo que é necesario obter recursos para financiar gastos. Afirmase dende o grupo de goberno que o Concello asume a suba da auga e do saneamento cando non é así, o asumen os veciños e veciñas que tributan aquí, e apostouse por un modelo de concesión a vinte anos que impediu crear un verdadeiro servizo público. O orzamento tampouco rebaixa a partida en salarios dos políticos e asesores co cal non estamos de acordo, igualmente non se reducen os gastos en alugueiro de locais e non se prevén inversións significativas en aforro enerxético, e este ano por exemplo tivemos que facer unha transferencia de crédito para facer fronte aos gastos derivados da suba da factura da luz. Por outro lado, como xa dixemos mais veces practicamente todos os servizos se atopa privatizados (limpeza de edificios, comedor escolar, piscina etc...). Son uns orzamentos que contemplan un importante gasto en materia de ocio e igualmente contemplan unha serie de obras de abastecemento e saneamento coas que estamos de acordo se ben moitas delas xa estaba prevista a súa execución no PXOM. Se establecen mais de 400.000 euros para a ampliación da piscina e neste caso nos estamos a favor da climatización da piscina pero non na creación dun ximnasio que entre en competencia coa iniciativa privada deste tipo que xa hai no concello.

Intervén o Sr. Alcalde quen sinala que independentemente de que respostarei mais adiante, so indicar que non se pode poñer en dúbida os ingresos por transferencias xa que estes están fixos.

PLENO

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que reiteran que se trata dun orzamento continuista e considera que D. José Manuel Mirás Pulleiro fixo un análise moi acertado da realidade do concello. Dixo o Sr. Alcalde na Comisión Informativa que non sabía como nos enfadábamos porque se eliminase a plusvalía, e nada mais lonxe da realidade. Dixeron que se quitaban 200.000 euros de ingresos procedentes da plusvalía e no ano 2022 non se vai a recadar iso xa que é imposible, polo que non é certo que se aforren aos veciños 200.000 euros como dixeron. É certo que se asume polo Concello a suba do ICP no abastecemento e saneamento pero o que non é certo é que se aforren 200.000 euros nos ingresos procedentes da plusvalía e igualmente é certo que a sentenza non elimina a plusvalía pero reduce moito as posibilidades de recadación. Na comisión informativa o Sr. Alcalde dixo que non votábamos a favor do orzamento noutras ocasións porque non viña en prazo e porque se incluía a plusvalía, pero non so por iso, consideramos que o orzamento ten moitas eivas, como por exemplo en materia de persoal propio que é moi pouco, moitos servizos como obras, policía local ou outros servizos necesitan mais persoal. En relación aos ingresos podemos considerar que o orzamento é o exame primeiro pero logo está o exame final que sería a conta xeral e logo vemos como nunca se chegan a tales ingresos. Igualmente existen retrasos constantes na licitación de obras. Respecto do centro cultural, e dito sen acritude cremos que foi unha xestión nefasta, levamos 4 anos e, Canto se leva gastado no Centro Cultural? Xa pedimos os datos e nos remiten ás certificacións de obras pero existiron outras obras auxiliares que incrementaron o gasto, moito nos tememos que na piscina municipal pasará algo parecido e se pretenden levar a cabo obras que non sabemos que se pretende facer. Cando se fixo a cuberta da piscina se vendeu que se ía a poder usar practicamente todos os meses e non foi así e se fixo un estudo de canto costaba climatizar a piscina e eran mais dos 400.000 que agora se presupostan. Respecto das obras que se contemplan podemos estar mais ou menos de acordo pero como xa dixemos mais veces nunca nos imos a opoñer que se inverta no concello. En canto á cuestión do aforro enerxético insistimos en que existen axudas do IDAE para o cambio completo da iluminación do concello que consideramos que se terían que solicitar e que as teñen obtido outros concellos mais pequenos. En canto ao tema da xestión directa dos servizos consideramos que é un arma de dobre fío, nalgúns casos estamos de acordo como pode ser por exemplo no servizo de axuda no fogar e noutros consideramos que é moito mais difícil como pode ser no caso do servizo de abastecemento e saneamento e case que ningún concello o leva de xeito directo. Botamos igualmente de menos grandes cuestións como pode ser a construción dunha nave para os operarios ou a construción dun novo Concello xa que este está cheo de humidades e moi deteriorado.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que presentan uns orzamentos os derradeiros desta lexislatura que foi unha lexislatura moi complicada. Considera que o grupo de goberno é ambicioso aínda que lles golpeou o sunami da COVID que lles someteu a unha alta proba e o Concello estivo á altura desa situación dando unha resposta axeitada. Logo veu a

PLENO

guerra que está a traer unha situación de crise económica para as familias e o Concello está a altura de novo. Considera que é bo mirar para atrás e ver de onde vimos. O orzamento do 2020 xa o tivemos que adaptar a esta situación e quere agradecer neste senso o traballo realizado polos empregados municipais en momentos moi difíciles. Así se fixeron reducións do 60% no imposto de vehículos ou na plusvalía. Agora no 2022 camiño do 2023 presentamos un orzamento en alza, de mais de 700.000 euros de incremento. En todo caso, ademais é un punto de partida que se irá mellorando ao longo do ano con maiores ingresos que prevemos que se poidan producir. Apostamos por reforzar todas as áreas de goberno. Démoslle prioridade á área social que sube un 15%. Implementamos medidas de bonificación fiscal que case que chegan a 300.000 euros que asume o Concello entre asumir a suba do IPC do recibo da auga e saneamento, a 5ª fracción ou a eliminación da plusvalía. Incrementamos e reforzamos a subvención ás AMPAS e a Protección Civil. Somos un Concello que non gasta mais do que ten e estamos saneados con débeda 0 o que reflicte unha boa saúde económica. Sinala por último, que lle gustaría que o capítulo de persoal fora mais alto e que lle parece inxusto que non se modifique a taxa de reposición de efectivos e resulta totalmente inxusto que teñamos que pagar concellos saneados como o noso a mala xestión doutras administracións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que en relación ao persoal, hai concellos que van a estabilizar a moito persoal e aquí non pasa porque hai mais de vinte anos apostouse por un modelo de concesións e de contratar fora. Fala D. Alexander Doval Expósito de que existen retrasos na contratación pero iso é porque non se apostou no seu día por ter servizos propios. En canto á piscina municipal si que é certo que é difícil manter unha piscina pública desde o punto de vista orzamentario, pero el estaría encantado xa que abre o abano de posibilidades de actividades deportivas que se poderían levar a cabo por parte dos veciños e veciñas. En canto ao tema da auga, a Xunta de Galicia creou a que chaman Sogama da auga de xeito semellante á recollida de residuos e tal ver resulte interesante en todo caso o Concello de Teo ou o concello de Valladolid remunicipalizaron o servizo. A lexislatura foi igual de complicada que para todos. En canto á plusvalía era un tema que tiña que caer polo seu propio peso dadas as sentenzas que había e en relación ao resto de baixadas de prezos afirma que el iría con cautela xa que por baixar dous ou tres euros o recibo se logo non se presta o servizo ou non se presta ben, ao mellor non compensa esa baixada. O orzamento non é so o punto de partida se non que este orzamento non soluciona problemas estruturais. En canto ao sistema de recollida de lixo este tería que modificarse e eliminar tantos contenedores da vía pública. O diñeiro destinado a subvencións podería ser maior si se reducisen os gastos dos políticos ou en publicidade. En canto a que é un concello saneado e que non ten débeda o certo é que coa lei de racionalización os Concellos tiveron que axustarse.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que a metade da intervención de D. Antonio Leira Piñeiro, foi para dicir o difícil que o tiveron e o ben que o fixeron. En canto ao tema dos impostos sempre imos a estar de

PLENO

acordo na rebaixa dos impostos. En canto ao tema de persoal creo que todos estamos de acordo na existe dun déficit que se arrastra no Concello desde hai tempo. Respecto do tema das subvencións ás entidades deportivas e culturais fan unha pequena trampa xa que por un lado este ano non concederon subvencións e por outro lado desde intervención se dixo que non era posible que se concedera unha subvención e que logo se pagaran uns buses ou medallas etc...e por iso agora sube a partida das subvencións. Finalmente, o tema da auga reitero que vexo difícil a súa remunicipalización pero miraría o tema e igualmente a chamada Sogama da auga.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen quere sinala que está contenta xa que os grupos da oposición non se meteron ou non criticaron as súas áreas. Considera que se tratan duns orzamentos continuistas na intención de seguir axudando e aumentando as axudas sociais en materia de emerxencia social e de tarxeta de alimentos por exemplo. Se falou tamén das becas a estudantes, e neste sentido debemos dicir que tales becas van para as familias con menos recursos, en canto aos libros hai banco de libros nos centros e existe igualmente un cheque da Xunta de Galicia para material escolar. Con estas axudas do concello o que van poder facer será comprar un chándal ou uns zapatos. Ademais aquí tamén funciona o roupeiro municipal, e moitas das veces estamos deixando sen gastar os 5.000 euros.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdG-PSOE) quere agradecer o ton de todas as intervencións e quere sinalar que na súa anterior intervención faltoulle dicir que aínda esta a esperar que a Xunta de Galicia dedique un so euro a este Concello e levamos anos esperando. O fondo de cooperación local leva conxelado desde o 2012, co agravante de que cada vez temos mais competencias. Afirma D. Alexander Doval Expósito que está a favor das bonificacións e nese sentido llo debería dicir á Xunta de Galicia para que supriman o canon do lixo ou da auga e igualmente que fagan un plan de subvencións como fixo a Deputación onde xa desde o principio todos os Concellos sabemos o que imos a recibir. Sinala que é unha mágoa que critiquen o gasto en publicidade porque para nos é unha inversión. No ano 2018 pasaron polo concello 15.000 peregrinos e deixaron 600.000 euros, no ano 2022 van a pasar mais de 20.000 e deixarán 1.000.000 de euros. Por cada euro que se gasta o Concello na festa da Troita, ten un retorno de 5 ou 6 euros ao comercio local. Afirma que non sabe como se pode afirmar que se trata dun orzamento continuista cando leva subindo desde o ano 2020. Falou tamén D. Alexander Doval Expósito de falla de lealdade por sacar noticias do orzamento na prensa antes de traelo ao pleno, pero nos á prensa cando nos preguntaron lles dimos unhas liñas básicas, sen embargo o Partido Popular ten aínda nas súas redes sociais unha noticia dun persoal de confianza que xa non traballa para este Concello ou a noticia de caída de parte do terreo, vostedes chamaron antes para que fora o Concello a limpar? Non, se non sabería que as dúas horas xa estaba limpo e estamos a esperar a autorización de Patrimonio para que nos deixen actuar, ou cando dixo que dous paneis de sinalización custaban 54.000 euros e non eran dous paneis se non 130 paneis e 50 postes e o aclaramos e non o corruxaron nas súas redes sociais. Pregunta

PLENO

se lealdade é cando critican ao Alcalde antes de que tome posesión por irse unha fin de semana coa súa familia? Iso non é lealdade.

En canto a D. José Manuel Mirás Pulleiro a municipalización de servizos choca coa realidade da taxa de reposición de efectivos coa que non estamos de acordo e que faremos todo o posible para que se elimine aínda que é bo lembrar que se puxo polo PP pero é certo que este goberno a mantén. En canto a unha nave ou un concello novo claro que o queremos pero priorizamos mais outras inversións como pode ser un novo pavillón ou poñer céspede ao campo de fútbol. A realidade é que cantos mais clubes mais problemas temos pero benditos problemas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que vai tentar ser breve. En primeiro lugar quere dar as grazas polo ton empregado por todos os concelleiros. En segundo lugar quere mostrar a súa satisfacción porque o orzamento medra un 10% e no capítulo de inversións medra un 65% ao que se ten que engadir o POS e o remanente que estará entono aos 300.000 euros e alí hai de todo como unha partida para o aforro enerxético de 250.000 eo inversións para o rural. É certo que temos que falar de facer un plan de aforro enerxético pero que xa avisa que hai farolas que por exemplo se atopan en terreos privados que se van a ter que sacar e os veciños protestan. En canto á piscina estamos nunha primeira fase e como dixo José Manuel Mirás Pulleiro se ten que ir con moito coidado. En canto a ter ou non ximnasio, non é porque se queira facer a competencia ao negocio privado, se non porque non se pode manter e por iso se ten que dotar de servizos que fagan rendibles as instalacións, non podemos facer unha bañeira de auga quente. Afirma que lle sorprende que a oposición non falase da suba en gasto social que supón este ano un 17% de suba respecto do orzamento do ano anterior, nese sentido este goberno está preto da xente. Facermos, igualmente, unha aposta polo turismo e polo comercio con 76.000 euros mais, promocionando o camiño, e nese sentido 26.000 persoas pasaron este ano por aquí, o que non imos facer é darlle un cheque ao portador aos comerciantes pero si que se fan moitas actividades que atraen a xente. Incrementamos o gasto en cultura tendo pensado poñer en marcha un plan de actuacións, moitas delas con fins sociais. Cando realizamos actuacións de teatro por exemplo, logo do teatro a xente está nos bares, e deste xeito incentivamos o gasto e a economía. A partida destinada deportes se incrementa nun 70% e son partidas moi importantes. Se inclúe tamén cartos para o arranxo de estradas, parques infantís como o de Alexandre Bóveda, vai igualmente unha partida para incremento salarial dos traballadores. Podemos resumir que este orzamento ten catro grandes obxectivos: mellorar a actividade económica tendo en conta á xente do pobo, contribuír á loita do desemprego a través da prestación de servizos e a realización de obras que fomenten o emprego ou fomentando o turismo, realización de rebaixas fiscais, dado o incremento de prezos retirando a plusvalía asumindo o Concello a suba do IPC de auga e saneamento e asumindo a quinta fracción; e por último como cuarto obxectivo reforzamos os servizos sociais.

Todo iso o facemos eliminando a débeda e tal e como sinala o Interventor estando moi por debaixo da presión fiscal do Estado e da Comunidade

PLENO

Autónoma e isto vai afectar de xeito lóxico ás inversións pero o imos a facer de xeito excepcional ante unha situación excepcional, onde a xente o vai a pasar mal e nos queremos estar ao lado da xente. O Concello está saneado no apartado económico e se pagan as facturas nunha media de 16 días. Baixamos a presión fiscal pero iso se ten que mirar a nivel global xa que pode ser que alguén pague mais nun tributo concreto aquí que noutro concello pero se debe mirar a nivel de conxunto de todos os tributos. En canto a aprobar os orzamentos en prazo, sempre que esteamos no goberno o tentaremos. En canto á partida de imprevistos todas as partidas levan unha parte para imprevistos e en todo caso en Febreiro, cando traíamos o remanente sempre se pode tirar de alí. En canto ao gasto en publicidade sinala que a oposición non se preocupe e que oxalá saian moitas noticias boas do Concello. En canto á prestación de servizos con medios propios, oxalá o Concello puidera contratar a dous policía máis, 3 administrativos, 3 de obras etc...pero temos unha lei aí que nolo impide e traballaremos neso. Afirmo que está co Ministerio de Fomento polo tema da rotonda do polígono industrial. En relación ao centro cultural foron 639.000 euros o que custou e non se pode incluír 20.000 se imos arranxar toda a zona ou se quere pode ir sumando se se pinta o edificio ou se entrega unha caldeira etc...639.000 euros foi o que custou incluída unha aula intelixente que demandaban os nosos mozos e mozas. Igualmente, estamos traballando nun informe de como facer unha comunidade enerxética porque pode ser interesante. Sabemos que é necesaria unha nave industrial ou unha casa do Concello pero antes é necesario un novo polideportivo ou un novo centro social que demanda nas redes sociais a muller dun que foi nas listas do PP. En todo caso, antes nos ocuparemos do polideportivo e do local social xa que temos un problema de espazo das asociacións e xa anuncio que o faremos preto do campo de fútbol para sacarlle rendabilidade. Pídelle aos grupos da oposición que apoiem estes orzamentos porque outras veces dixeron que non os aprobaban porque chegaban tarde e pola plusvalía e hoxe, neste caso tales razóns desapareceron.

Antes de someter a proposta a votación intervén o Interventor da Corporación quen afirma que si que existe unha partida de imprevistos pero que non está por erro na proposta de acordo pero si no orzamento, estando unha partidas para contingencias de persoal.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo incluíndo a corrección sinalada polo Interventor da Corporación e o Pleno por:

Votos a favor: seis (cinco do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: cinco (4 do PP e 1 de OR) adopta o presente acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2023 por importe de 9.325.217,87 euros.

PLENO

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Oroso para o exercicio de 2023 cuido resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Orzamento 2023	
		EUROS	
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.265.049,98 €	
.1	OPERACIÓNS CORRENTES	6.131.393,08 €	
1	Gastos do Persoal	1.571.995,36 €	
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.746.008,93 €	
3	Gastos financeiros	2.300,00 €	
4	Transferencias correntes	794.950,00 €	
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	16.138,79 €	
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.130.621,03 €	
6	Inversións Reais	2.130.621,03 €	
7	Transferencias de capital	0,00 €	
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.035,87 €	
8	Activos financeiros	0,00 €	
9	Pasivos financeiros	3.035,87 €	
	TOTAL GASTOS	8.265.049,98 €	

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Orzamento de 2023	
		EUROS	
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.190.714,01	
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	6.291.162,60 €	
1	Impostos directos	1.971.819,62 €	
2	Impostos indirectos	220.719,52 €	
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	822.080,21 €	
4	Transferencias correntes	3.268.943,25 €	
